

## **COMITÉ DE APELACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN**

Recurso de Alzada: 1/ 2019-2020

Solicitante: Clube balonmán Ferrolterra

### **RESOLUCIÓN**

Visto o recurso presentado polo club Clube Balonmán Ferrolterra, en data 03/12/2019, no que solicita a suspensión cautelar previa a revisión da sanción por desconformidade ca mesma do fallo do Comité de Competición desta Federación do acordo 3.1.1., de data 27-11-19 (acta nº 11), en relación á sanción establecida ao xogador do clube, D. Iago Muiña García, tendo en conta os seguintes:

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.-** En data 27/11/19 o Comité Territorial de Competición da Federación Galega de Balonmán, facendo uso das súas facultades e competencias, acorda entre outras medidas disciplinarias:

3.1.1.- Sancionar ao xogador do BALONMAN FERROLTERRA, Dn. IAGO MUIÑA GARCÍA, coa suspensión temporal de DOUS (2) encontros de competición oficial pola comisión dunha infracción do artigo 34 D) do RRDg por terse expresado de xeito ofensivo atentado a difnidade dos Colexiados.

SEGUNDO.- Sanción que ven de ser recorrida polo club Balonmán Ferrolterra mediante recurso presentado en tempo e forma.

Sen presentación previa de alegacións polo peche do prazo en menos de 48 horas.

E tendo dado cumprimento a metade da sanción imposta.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

ÚNICO: Dacordo co establecido no RRDg, este Comité de Apelación dispón da capacidade discrecional de suspender as sancións impostas namentres non se resolva o recurso correspondente sempre que se razoe xurídicamente a resolución que se adopte conforme aos principios que ordenan a actividade administrativa nesta materia, aínda que sexa previa Delegación.

A tenor do establecido no artigo 111 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en relación co establecido no Real Decreto 1398/1993, do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, para que se poida acordar a suspensión da execución do acordo do Comité de Competición é necesario que se cumpra algún dos seguintes requisitos:

a) que a execución puidera causar un prexuício de imposible ou difícil reparación,

b) ou que o recurso de apelación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito das recollidas no artigo 62.1 da citada Lei.

No presente caso, é evidente que o acordo do Comité non podería ser reparado no caso de que foxe anulado por este Comité. Deben terse en conta, ademais que os principios penais, que se teñen que aplicar, por analoxía a todo procedemento administrativo sancionador, antepoñen as garantías a favor dos sancionados ao obxecto de que prevalezan os seus lexítimos intereses.

Do mesmo xeito en que só de xeito excepcional, nos casos especialmente graves ou que se faga imposible a súa posterior executabilidade ou que se atopen en risco bens de maior protección, é posible executar as sancións con anterioridade á firmeza da resolución que a impón, atopándonos nun expediente administrativo e oportuno suspender a execución da resolución namentres non sexa resolto este recurso.

Todo isto sen entrar a valorar o fondo do asunto o que será oportunamente resolto na resolución do recurso.

Por todo o exposto, este Comité de Apelación, reunido ao efecto todos os seus membros no lugar e data indicados,

## **RESOLVE**

Acordar a **SUSPENSIÓN CAUTELAR**, arriba referida, do acordo 3.1.1. do Comité Territorial de Competición desta Federación de data 27/11/19 (acta nº 11).

Esta resolución é firme e contra a mesma non cabe recurso algún.  
Comuníquese aos interesados.

Vigo, 4 de decembro de 2019

A Presidenta do Comité de Apelacións  
Asdo. Laura González Solla